



A coleccionista de palabras

Lúa era unha nena extraordinaria. Vivía máis arriba que calquera outra persoa. E tiña unha paixón moi peculiar: Lúa coleccionaba palabras, da mesma forma que outras persoas coleccionan selos.

Palabras divertidas, que ao dicilas che fan cóxegas no padal, palabras tan belas que fan chorar e palabras amables que acarician a alma.

Palabras máxicas, palabras deliciosas, palabras longas e curtas, palabras divertidas, palabras magníficas, palabras tolas, palabriñas, palabras curiosas...

Pero chegou un día en que todo cambiou. Pouco a pouco, as palabras belas, magníficas e divertidas foron desaparecendo. Que pasara con elas?

Lúa preguntoulles aos paxaros, ás nubes e aos viaxeiros. E todos contestaron o mesmo: «Os homes estanse esquecendo das palabras belas», «Xa non lles dan importancia», «Están demasiado ocupados».

Aquela noite, Lúa non puido conciliar o sono. E cando os primeiros raios de sol enviaron as estrelas a durmir, tomou unha decisión... Puxo todas as palabras que posuía nunha maleta grande e con ela emprendeu unha viaxe.

Voaba por enriba de mares e continentes, montañas e cidades. Alí onde reinaba o odio e a violencia, sementou palabras de fraternidade, de amor e de tolerancia no corazón da xente. Onde había persoas tristes, tendeu fíos de palabras cálidas que falaban de amizade e compaixón. E alí onde todos estaban demasiado ocupados para rir xuntos e cegos ante o milagre da natureza, espaxou as palabras máis divertidas, tolas e máxicas que posuía.

E aquelas palabras fixéronlle cóxegas á xente no seu nariz, a súa lingua e os seus oídos.

Sonja Wimmer, *A coleccionista de palabras*, Editorial Cuento de Luz. (Tradución).



Traballo co texto



- Inventa un final para este conto.
- Como imaxinas a Lúa?
- Pensas que é importante empregar palabras agradables? Por que?